



Ramón Sampedro Cameán, defensor da morte e da vida dignas

Marta, «Pepe de Vilas» e Xosé Lois

Ramón Sampedro naceu o 5 de xaneiro de 1943 na parroquia de Xuño, concello de Porto do Son. Aos 22 anos embarcou nun mercante noruegués no que traballou como mecánico. Percorreu 49 portos mar adiante. Esta experiencia marcou a súa vida e formou parte dos seus mellores recordos.

Quero ir ao mar, porque alí teño
os meus camiños de mariñeiro.
Teño murmurios e teño cheiros.
Teño a memoria dun algo incerto
que ten o mar, alá moi a dentro.

O 23 de agosto de 1968, na Furna Nova, fronte á penedía das Sartaxas, tamén á beira do mar, debruzouse riba da auga e tocou fondo, chantou a cabeza no areal fracturando a sétima vértebra cervical. Nese intre Ramón pillou outro rumbo. Atado ao mastro do seu corpo coas amarras da tetraplexía, pasou 30 anos devendo porque a morte lle trouxese a liberdade.

Só hai dúas alternativas: converterte nun ser absurdo, ser o que non desexas ser, un habitante do inferno; ou ser coherente coa utopía da vida. Liberarse da dor, buscar o pracer a través da morte. Decidinme pola liberación, non coma o negativo se non coma o positivo: procurar algo mellor.

A miña compañeira Marta, eu, e máis as nosas fillas, chegamos á parroquia de Xuño en setembro do 1992. Nada sabiamos de Ramón. Presentóunolo un amigo común que era o seu médico de

cabeceira. Cando o coñecemos xa levaba abondo matinado na súa situación. De feito, moi pouco despois, en abril do 1993, é cando toma a determinación de reclamar a eutanasia coma un dereito persoal. A constatación da realidade legal na que se lle obrigaba a moverse produciulle estupefacción.

Nunca me tería imaxinado tanto terror e superstición ocultas. Mesmo parece que se conxuraran todos os necios da terra para facerme desistir de seguir por ese camiño. Segundo eles, vou errado.

Expresión tan dura, decisión tan determinante, proxectaban a imaxe dun home osco e aborrecido. Non era tal. Seguramente habería dous Ramóns. O do rostro afable e a conversa agradecida e o Ramón encadeado a un leito, navegante dun mar de soidades onde nunca se albiscaba terra. Sabiamos deste segundo Ramón, porque el nolo contaba, porén o relato dese sufrimento nunca foi amargo para os que o ían ver.

—Que Ramón!, Procede unha visita?

—Veña logo, como non! Decía desde o outro lado do fío.

Tomabamos café e un licor do mesmo xénero. Emprendiamos conversas sen rumbo definido. Podían arrincar dunha película. «*El cartero de Neruda*», por un caso. Tíña en VHS. Regálounola. Agora aínda a temos nós. E da imaxe á poesía. Xa o paso viña dado. Tíña un poemario de seu, en galego. Soubémolo case por azar, máis ben tarde, pouco antes de se despedise definitivamente. Poida que un ano. Deixounos ver un algo. Xa tíña daquela publicado «*Cartas desde el inferno*», o que viña sendo a súa voz máis expositiva, argumental. Era o camiño da razón. A voz poética deixouse sentir postumamente. Igual de reivindicativa e clarividente ca anterior, mais vindo de volta, era o camiño da emoción.

—Que bonito Ramón. Podemos mirar de publicalo?

—Son uns poucos ripios, non paga a pena.

—A nós gústannos.

—Vale ben, despois que morra.

E así foi. '*Cando eu caía*' fíxose poesía de todos poucos meses despois, no mesmo 98.

Cando eu caía, como froito maduro da árbore da vida,
deixádeme alí mesmo, onde eu caía
para que me abrace o sol e o vento e a lúa,
que a vida me devore, chantada tras chantada.

...

Pero que non me agache a cobiza humana
no alxube dos mortos, nunha gaiola sagrada
aferrada a un recordo, chorando coma un neno
que non quere devolver o que se lle emprestou.

Naquela presentación estiveron Chao Rego, Manuel Rivas (prologuista) e Pepe de Vilas, amigo da infancia e de querenzas, paroleiro habitual do cuarto onde Ramón resistía, reivindicaba e nos recibía. Pepe fixo, daquela, unha emocionada lembranza do seu amigo. Publicouna a revista *Irimia* en dúas entregas:

Cando eu lle dicía: «Si, de acordo, xa que non podes ter unha vida digna, debes ter unha morte digna; pero non me podes privar a min da túa amizade, da túa compañía». El contestábame: «Entón eu teño que seguir vivo para cumprir a túa vontade. E onde está a miña?»

Non todo era eutanasia. Unha nova da prensa, un comentario da veciñanza. De calquera deses motivos podía arrincar a conversa. Sempre nun falar apracible e sereno. Mesmo cando se sentía doído por unha interpretación retorta da súa teima libertaria que el quería chegase a ser dereito, que non obriga, de todos. Mesmo aí.

Tamén había lugar para os matices. Manifestaba rabia contida diante dos camiños inxustos e crueis da morte, os maltratos dos cans da aldea, as touradas, a voracidade incendiaria que convertía en borralla a vida da natureza; esa morte imposta e destrutiva, ben diferente da que el arelaba como liberación,

Unha rosa, por favor!...
Para seducir a morte.
Esa encantadora dama
que se leva toda dor.

Entre fala e fala adoitaba soar o teléfono. Entraban chamadas dos lugares máis insospeitados, tanto afastados coma achegados, sorprendentes. Barcelona, Sevilla, Brasil, Australia. Non podía ser... e mais era. Un cuarto humilde, unha casa de aldea, unha lugar pequeno e un mundo planetario gravitando ao seu redor. Conformaba unha visión estraña aquela furgoneta de cables e antenas aparcada no curral, diante da casa. Gravando para os ouvintes ou telespectadores se cadra franceses (aquí estivo Ramón Chao, temos as cintas dos seus programas para *Radio France Internacional*) se cadra alemáns. Non se impartía un mestrado nin unha conferencia científica. E ademais, que de bo había de saír de Xuño, coma noutrora que cabía esperar dunha aldea coma Nazaret? E máis saíu. Agromou un clamor inesperado nun marco insospeitado. E non fixo falta máis *marketing* que o do atrevemento e a afouteza precisas para enfrontar conceptos e leis que se daban por definitivos e sobre os que moitos nos interrogabamos mais moi poucos ousabamos cuestionar.

Neste intre estou a pensar en ti, querido xuíz, que tiveches a oportunidade de facerme xustiza protexendo o meu dereito á liberdade e non o fixeches por medo. Xa sei que te escudaches detrás dos códigos, mais antes ca nada o teu deber era o de facer xustiza... A vida non crea home escravos... Evolucionar significa que cada hipótese debe ser renovada na conciencia de cada xeración, día tras día, intre tras intre... Deixen ao ser humano libre e chegará a atopar por si mesmo a verdade. Escravíceno e volverase un malvado.

Esta voz que non era oída nos tribunais de xustiza, nin nos parlamentos, nin nos ministerios, nin nas igrexas, comezaba a ser escoitada pola xente. Pola que padecía (algúns xa marcharan diante de Ramón abrindo paso) e pola que compadecía. De aí as chamadas. Moitas delas de mulleres. Casualidade ou non, foi o xénero que reproduce e alberga a vida, antes de esta valerse en por si, quen máis achegado estivo ao pensamento, tránsito e pasamento de Ramón. Unha muller coidouno sen descanso durante 30 anos; outra muller axudou a que o seu cavilar se fixera público, coñecido e finalmente recoñecido; dúas máis estiveron ao seu carón até o

final e apandaron co peso da «xustiza»; e varias outras participaron na defensa da súa causa, no asesoramento, na axuda ao desenlace buscado. Soamente unha delas fora rexeitada e con abonda dor por ámbalas dúas partes. Tratábase de Aurita, moza súa naquel verán fatídico do 68. A certeza de que xa nunca máis se poderían facer un agarimo, fíxolle tomar a decisión. A pesar das insistencias de Auri e da ruptura emocional que supoñía, negouse rotundamente ao casamento. No seu entender non tiña sentido encadear a unha persoa ao rumbo que collera a súa vida. Tomar esa decisión en momentos de debilidade extrema, cando o que máis buscas é conforto, sempre me pareceu dunha enteireza moral extraordinaria. Lémbrome da visita que coas miñas alumnas adultas (cursaban o Graduado Escolar) lle fixemos. Foi para elas un revulsivo emocional e cognitivo. Aquela proposta contradecía boa parte do seu pensamento arredor da morte, da relixión, da lei. Agardaban atoparse cun home frío, duro, mesmo desesperado. Aquel encontro valeulles para saber que a firmeza das conviccións non supón carencia de sentimento, nin imposición de pensamento. Viron a ferida mais tamén viron o bálsamo.

Basta un instante
para saber onde hai un ser humano:

Alí onde haxa tenrura
para unha debilidade.

Onde haxa para un frío, un acto de calor.
Onde haxa, pola vida, absoluto respecto.

Alí onde haxa un ser que sinta a humillación
dun semellante como a súa propia humillación.

Alí onde non se confunda humor con burla
nin hipocrisía con amor.

Basta un instante para entender a dor.

Queres auga?, tes frío?, cólganche os mocos?, gustaríame ir ao baño!, apetécame ler un pouco!, podédesme mudar e asearme?, cambia que non me gusta este programa!... Éche ben sinxelo, muda

a canle, até un neno pode facelo, onde está o mando?... pero ti non podes moverte, permaneces quedo, inmóbil. Na túa cabeza circulan pensamentos, desexos, necesidades, ordes que a mente quere executar e que os teus membros non obedecen. Mentos alleas, coas súas determinacións, atan o teu corpo. Ti soamente tes un permiso, o de gobernar na túa cabeza. Esa é a túa vida, o teu espazo, o teu futuro. Que sentes? Ponte no lugar. Semella cruel. Por veces, a explicación da súa dor, dos impedimentos que o ferían, seguía camiños ásperos e expeditivos. Como cando aquel cura navarro chegou á casa para lidar con el. Falaba en voz alta desde o baixo e Ramón contestaba berrando desde o seu cuarto, no primeiro andar.

—Sube, sube!

—Non podo, estou en cadeira de rodas. As escaleiras non me deixan!

—Pois eu tampouco te podo ir buscar!

Queríalle evidenciar unha pequena parte das limitacións que o incomodaban. Foi unha situación estraña que mantiña arregalados os ollos dos acompañantes. Parolaron. Na total discordancia, pero parolaron. Naquel encontro non houbo desacougo, mais si descontro. Apreciacións moi afastadas sobre a autoría e o valor da vida, que se facían máis evidentes cando entraba en xogo a fe e as crenzas.

O cristianismo, ou calquera relixión, non poden negar o dereito a morrer racionalmente. Veríanse na obriga de demostrar que a razón ética é un trastorno dexenerativo. Daquela habería que recoñecer que Xesús era irracional... Xesús morreu por rebelarse contra da inxustiza e a dor que os poderosos provocan. Por iso o mataron. Claro que esa explicación tan lóxica e humana non encaixa na doutrina ideolóxica dominante de ningún poder, por iso hai que darlle un sentido sobrenatural, como por exemplo a de presentalo como fillo dun Deus. O crime non é matar ao home se non ao fillo da autoridade suprema.

A pesar desta distancia, do seu militante anticlericalismo, Marta solicitoulle poder entrevistalo para a revista *Irimia*. El preguntou polo carácter da revista. Cando Marta llo aclarou ficou un algo

en suspenso. Que me propuña esta amiga? Nada quería saber da atmosfera relixiosa por el coñecida e á que se opuña con firmeza. O tempo e as conversas deron lugar a falar doutras posibles teoloxías. Entre o anticristo e o Opus Dei non era que existisen matices, é que había lugar para profesións de fe ben diferentes. El continuou impenitente. Rebelándose contra do sufrimento coma noutrora fixera o Santo Xob, mais sen a súa conformidade. Máis achegado ao *Eloí, Eloí, lama sabachthani*, que á aceptación resignada. Curiosamente foi polo 96, nun álbum titulado «*La profecía*» cando aquel dúo chamado «*Amistades Peligrosas*» lle dedicou unha das súas cancións, composta polo galego Alberto Comesaña. A que levaba por título *Eloí, Eloí lama sabachthani*. Decatámonos de casualidade, porque vimos o CD na mesiña que estaba a carón do seu leito.

—E isto Ramón?

—Mandáronmo eles. Está ben. Tampouco ten tanta importancia.

Deixaba claro que non quería converterse en heroe. E seguimos a conversa.

Continuaba a ser un enigma onde ou como foi que este home mariñeiro-mecánico se interesaba ou sabía de Platón, de Kafka, de Sócrates, de Epicuro. Un día preguntámosllo así, a rachar.

—Pero ti a que escola fuches?

—Á da biblioteca do barco. Gustábame ler, tiña vagar, e pasaba ben tempo niso.

—Acordas o teu primeiro libro da biblioteca?

—Si. «*Dios*». De Giovanni Papini.

—Vállame «*Dios*» Ramón (e nunca mellor dito). Ese foi un italiano, ateo confeso, que logo se tornou converso. Para iniciarse na lectura é abonda munición.

E desde aí, desbastando, pulindo, afinando, sedento de coñecementos. Contáballo así a Marta naquela entrevista:

Esperto ás oito e media da mañá e adormezo –o que poderíamos chamar deitarse– arredor das once da noite. Con catorce ou quince horas por diante hai que impoñerse unha disciplina mental, un ritmo, unha obriga de pensar, para non caer no vicio de oír sen escoitar ou mirar sen ver. Pensar é o que nos converte en seres libres e humanos. Para a concentración e a memoria aprendo poesías de memoria ou exercicios de cálculo mental que repito de vez en cando.

Esta entrevista non fora gravada. Marta entregáralle as preguntas por escrito e el fora contestándoas do mesmo xeito, por escrito, mais non empregando a man senón a boca coa que movía o bolígrafo. Cun aparello que el mesmo deseñara (e que outros computaron) e que lle permitía escribir e facer rolar o papel.

A forma máis proveitosa de pasar o tempo –se queremos facernos persoas adultas e responsables da parte que nos toca para defender liberdade, xustiza e igualdade–, é o exercicio mental de facer unha análise crítica de todos aqueles principios éticos e morais cos que nos educaron pais e mestres, estado e relixión. Educarnos a nós mesmos é a única forma de madurar, psicolxicamente. É o traballo máis importante que temos que facer despois de saír da escola.

Forzosamente o noso relato é torto. Vén alentado e ao tempo distorcido por un afecto e proximidade do que non nos podemos desfacer. Seguramente non somos as persoas máis obxectivas para pintar un lenzo realista exento de trazos imaxinarios. Porén, procuramos sempre manter de Ramón unha imaxe desacralizada. Un e outro ano, e xa van vinte e tres, no domingo de xaneiro máis achegado ao día do seu pasamento (13 de xaneiro do 97) reunímonos nas Furnas, en Xuño, nesas covas que o mar labra na terra, e reivindicamos a teima de Ramón. Non proclamamos a súa santidad, nin sequera lle facilitamos a entrada ao panteón dos bos e xenerosos. Non queremos para el altares nin incensos. Nada máis lonxe do seu pensamento. No seu nome, seguimos a reivindicar a liberdade a dispor da propia vida para todos e todas aqueles que así o queiran decidir. Un dereito para todos e unha obriga para ninguén. Non hai máis. Nin altares nin heroe da causa nin discí-

pulos iluminados polo profeta. Así o queremos manter mentres a eutanasia no sexa legalmente recoñecida. Polo demais, Ramón era un ser humano, non exento de erros, de iras, momentos escuros, malhumores e equivocacións,

—Como foi que te tiraches alí, na Furna, co perigoso que era?

—Tolerías que fai un cando é novo.

Precisamente por iso, porque non era santo, sentímolo tan noso, tan valioso, tan amigo.

Volveremos a encontrarnos, tal vez
cando a materia se xunte de novo,
na próxima contracción do universo.

Volveremos a ser un, a ser nun, todos.
Tan só unha lei, un principio, só.

Volver desde o principio a vivir e amar
sen prexuízos, sen pecado, sen medo, sen pudor,
para purificarnos de todo desatino.

Volveremos, tal vez, a encontrarnos
Pola forza universal do amor.

Marta, «Pepe de Vilas» e Xosé Lois

NOTA: Os poemas están recollidos do libro *Cando eu caía*, edicións Xerais de Galicia 1998. Os textos inseridos son fragmentos dos seus escritos publicados no libro «*Cartas desde el infierno*» Editorial Planeta 1996 e tamén da revista *Irimia* números 447 (decembro do 1994) e 594 (xaneiro de 2001)